

AMOR DE AUGA LIXEIRA

IES RAFAEL **DIESTE**
A CORUÑA, CURSO 2024-2025

MÓNICA REIGÍA (COORDINADORA DUN PRO-
XECTO QUE ENVOLVE SETE DEPARTAMENTOS)

ÍNDICE

RESUMO DO PROXECTO “AMOR DE AUGA LIXEIRA” (ADAL)	2
XUSTIFICACIÓN:.....	2
OBXECTIVOS:	3
DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	4
a) Se cadra, non saben onde están. Localicémolas:	5
b) Potábel ou non potábel? Esa é a cuestión.....	7
CRONOGRAMA.....	9

RESUMO DO PROXECTO “AMOR DE AUGA LIXEIRA” (ADAL)

ADAL nace da necesidade de coidar, respectar e pór en valor o **patrimonio** de noso. O alumnado do Dieste realiza unha fonda **investigación**, bibliográfica e con **testemuñas** orais, para **identificar** e **redescubrir** as **fontes** e **analizar** no laboratorio a calidade das súas augas, todo isto acompañado de **accións** reivindicativas, roteiros...

[...e moita festa!]

XUSTIFICACIÓN:

*“Amor de auga lixeira, muiñeira
Amor de auga tardeira, ribeira
Amor de auga florida, cantiga
Amor de auga perdida, aí miña amiga”*

Álvaro Cunqueiro. Interpretación de Amancio Prada

A Coruña é, como dixo a poeta, *cidade tatuada sobre a pétrea pel do mar*. Auga salgada abrazando a urbe. Mais como chega até nós a auga doce? Arterias de canalizacións como unha praia de vías traen a auga potable á pequena península da Coruña. **Fontes que resisten** no núcleo urbano, abastecen a unha poboación que, non fai tantos anos, camiñaba para encher os seus cántaros. Mais, onde están? E que foi delas?

Esta pregunta, xunto co **compromiso social** e coa acción investigadora que vén demostrando o alumnado do IESP Rafael Dieste deron pulo para o desenvolvemento deste proxecto ao que puxemos por nome: **amor de auga lixeira**, coma o verso poético de Álvaro Cunqueiro. Por



esta razón chamamos a **Amancio Prada**, que lle puxo música, colaboramos co proxecto do centro “Aquí tamén se fala” e **gravámolo** no teatro Colón cantando para nós o que se converteu na banda sonora deste proxecto. No **noso himno**. Dando pé así a un **traballo orientado para a investigación** máis fonda que molla os seus beizos en diferentes fontes: entrevistas orais con veciñanza e persoas expertas na materia, recuperación de material histórico no arquivo do Reino de Galiza, revisión bibliográfica, aproximación a grupos de investigación universitarios da rama da química, da bioloxía e mesmo da filoloxía (toponimia), para darmos coas fontes que aínda resisten na nosa cidade e obtermos un coñecemento máis fondo de cada unha delas.

Así, neste proxecto únese o alumnado de 3º da ESO xunto con profesorado de **sete departamentos** do instituto Rafael Dieste:

- Bioloxía
- Tecnoloxía
- Filosofía
- Historia
- Lingua Galega
- Física e Química
- Equipo de Dinamización da Lingua

OBXECTIVOS:

*“Fonte do Araño
onde eu de rapaz
ao teu carón xogaba no verán.
Onde vai o teu rego, onde vai?
Que eu teño sede e non a podo atopar”*

Emilio Cao

1. **Investigar** sobre a historia da auga na Coruña, non só con **consulta bibliográfica** se non que se contará cos **testemuños** de persoas que, non fai tanto, aínda tiñan acceso aos recursos naturais de auga doce das fontes próximas aos seus fogares. Tendo en conta tamén, dende unha opinión crítica, como vive a xente da contorna a desaparición deste patrimonio.
2. Estudar da **arquitectura das fontes** atopadas.

3. Diseñar un **roteiro** polas diferentes fontes da Coruña e **crear un mapa** para que outra xente da contorna o poida realizar e mirar a cidade con outros ollos.
4. Realizar unha **formación con profesionais** sobre o concepto administrativo de potabilidade da auga e comprender o **manexo da normativa da calidade da auga**, en función da procedencia da mesma. Así como, recibir formación na produción audiovisual: foto, vídeo e son.
5. Levar a cabo **análise química e biolóxica das fontes** da contorna, en colaboración con EMALCSA e coa Universidade da Coruña, **crear unha base de datos informativa pública** á que todo o mundo poida ter acceso. Analizaranse diferentes parámetros ca intención de dar conta da calidade da auga: materia orgánica, nitritos, fosfatos, pH, conductividade, microbioloxía etc. Realizarase un **proceso de mostraxe rigoroso** e ao longo dun tempo para verificar os resultados e, cotexaranse os resultados con institucións profesionais, colaborando co laboratorio de medioambiente, con EMALCSA e coa UDC.
6. **Acción** a prol da **Arqueta dos Frades** ameazada pola construción dos edificios na zona de San Pedro de Visma.
7. Crear **pezas audiovisuais** que fomenten o amor pola nosa cultura e que acheguen ao alumnado ao coidado da contorna en colaboración coa equipa de dinamización da lingua: Aquí Tamén Se Fala.
8. Participar en **feiras científicas** e de divulgación, onde se mostrará o proxecto e se aproveitará para recibir retroalimentación da cidadanía, aumentando a base de datos das fontes rexistradas.
9. Crear unha **páxina web** e redes sociais onde se recolla todo o proxecto para divulgar os resultados.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

*“Dá-me unha gotiña d’ auga
Desa que eu oio correr
Entre pedras e pedriñas
Algunha gota ha de haber-e”*

Malvela

1. Sensibilización co patrimonio e a contorna

O **alumnado** do IESP Rafael Dieste ten, na súa maioría, a **orixe fóra do país**. Fomentar a **inclusión** e crear conciencia e **orgullo polo barrio** ao que pertencen é unha das vértebras deste proxecto.

Comeza un traballo para a sensibilización do alumnado co visionado do documental: Esquece Monelos de Ángeles Huertas. Moitos deles descoñecedores do río Monelos, comezan a comprender a historia da súa cidade e, por tanto, a entender o valor patrimonial que ten a auga nesta cidade.

A forza do interese deste alumnado rompe cos muros do instituto e sae á rúa a facer un **roteiro** da man de dous expertos: **Iván Méndez e Xurxo Souto**.

Méndez, investigador do Grupo Illa da Universidade da Coruña e experto en toponimia, compartiu o seu coñecemento arregalando os ollos do alumnado e da cidadanía explicando que por tras dun topónimo hai sempre unha historia, unha lenda ou mesmo unha alerta popular. De mans dadas co tamén filólogo e tamén músico Xurxo Souto, con carisma, vocación, paixón, vehemencia e arroutada pangalaica, visitamos a contorna para enchérmonos de orgullo por formarmos parte da historia da cidade, por estudarmos no Peruleiro e nas Figueiras, e por habitar a Agra do Orzán.

*Ai, Agra do Orzán furada no ceo
como os aparcadoiros da Rolda de Outeiro.
Rúa Barcelona: Hong Kong galego,
Damos a vida por un palmo de terreo.
Polo si, polo non: especulación.
Ai, agra do Orzán.*

(Letra de Xurxo Souto para a Orquestra Bravú Xangai,
que cantou co alumnado do Dieste durante o roteiro)



Após esta acción, observamos que a fonte de auga máis próxima ao centro se atopa en perigo pola construción dos edificios de San Pedro de Visma. Así que marcamos unha unión entre profesorado e alumnado para comezarmos a **reivindicación pública de defensa da nosa Arqueta dos Frades**.

A comunidade educativa do IESP Rafael Dieste pide que se conserve no seu lugar e coa súa función orixinal e para iso realizou un **manifesto** no que solicita o **apoio popular**.

2. Hipótese: auga corrente non mata á xente

Alicerzámonos na sabedoría popular. No patrimonio oral. Mais, a pesar deste dito popular tan estendido, cada vez aproveitamos menos a auga das fontes mananciais. O alumnado conmovido pola historia da Arqueta dos Frades pregunta, e por que razón? Sinalando distintas hipóteses:

a) Se cadra, non saben onde están. Localicémolas:

Identificar e localizar as fontes, estudalas e clasificalas foi un traballo de campo que levou á elaboración dun repositorio que medra e que bebe da colaboración cidadá. Partimos primeiro da **pesquisa** dos recursos bibliográficos apoiados na biblioteca do noso centro e nas bases de datos dixitais das bibliotecas da cidade.

Solicitados os volumes e identificados os diferentes artigos, a seguir procedemos coa **lectura da bibliografía** existente para identificarmos as fontes topándonos –en moitas ocasións– con que algunhas xa non existen, ou que mudaron o seu uso funcional para un meramente ornamental.

Chegados a este punto, o terceiro paso foi achegarse ás **testemuñas orais** que sinalaron fontes das que **non había rexistro** escrito, como a Fonte do picho, na aldea de Monte Alto, ou a Fonte da saúde, en Penamoa.



Ilustración 1. Plano topográfico da Coruña do ano 1819, extraído do Arquivo do Reino da Galiza.

Ilustración 2. Plano de augas da Coruña. Arquivo do Reino da Galiza

Aínda, achegámonos até a cidade vella para consultarmos o repositorio que ofrece o **Arquivo do Reino da Galiza** para aprender como se abastecía antigamente a cidade da Coruña e identificarmos as fontes nos **mapas históricos**.

Desta altura, identificamos **14 fontes**, algunhas delas aínda mananciais e outras que funcionan con auga da traída ou mesmo ornamentais. Todas elas foron catalogadas por un **alumnado formado en fotografía** en cursos impartidos por dous profesionais do sector (Alberto Castaño e Alberto Pombo) posibilitando, deste xeito, a **creación dun repositorio público e visualmente atraente na web** do proxecto, captando a beleza das nosas fontes, compartíndoo e reivindicando a importancia deste patrimonio de noso.

O proxecto, aínda en andamento, ten un **gran potencial de expansión** polo que seguimos en colaboración con expertos, lendo bibliografía e buscando novas testemuñas que nos permitan ampliar este repositorio.

Coas fontes xa localizadas e fotografadas, e coas recomendacións das persoas entrevistadas, o alumnado asumiu un novo reto: divulgar o uso e coidado das mesmas. Por iso vimos necesaria a **creación dun mapa interactivo** público e de libre acceso.




Ilustración 3. Esquerda: Entrevista ao percebeiro Xulio da Chenchá e aos filólogos Iván Méndez e Xurxo Souto coa participación do alumnado na programación do encontro, nas preguntas e na gravación en audio e vídeo. Dereita: Captura do mapa interactivo da web do proxecto

Este novo recurso, **aberto á consulta** desde a web do proxecto, presenta ademais información relevante sobre as fontes, como por exemplo: uso actual, indicacións máis precisas para atopalas, conexión con GPS, fotografías etc. Ademais, ao estar en liña, permite ir actualizando a medida que vaíamos rexistrando máis fontes.



b) Potábel ou non potábel? Esa é a cuestión

O **alumnado lánzase á divulgación científica** como ferramenta primeira para concienciar a sociedade e fomentar un emprego dos recursos máis sustentábel. Para isto precisamos de **formación**, polo que programamos unha **visita á ETAP da Telva** onde **aprendemos** sobre o concepto de potabilidade e os procesos de **potabilización**. Entendemos que a **potabilidade é un concepto administrativo** e que pode ser que a auga non sexa perniciosa para o corpo humano aínda que non concorde cos parámetros asignados por normativa.



Ilustración 4. Capturas do video da visita a Telva como proba

Tócanos a nós iniciarmos a recolla e entrarmos no laboratorio. Así, o alumnado de secundaria do IES Rafael Dieste comprometeuse a **analizar a auga das fontes** que están no repositorio (excluíndo as ornamentais, por razóns obvias). Este proceso empregará un kit de análises de diferentes contaminantes: nitratos, nitritos, fosfatos, carbonatos e tamén o seu pH, entre outros.

3. Creación da web para a divulgación do material recollido

Unha vez feito todo o anterior, é preciso darlle voz ao marmurio deste proxecto. Para iso, empregando a ferramenta gratuíta de GoogleSites e, dentro da materia de Educación Dixital (Dpto de Tecnoloxía), **o alumnado crea unha web** onde se recolle toda a información anteriormente comentada e outros **recursos para outros centros ou para a cidadanía** que poidan ser de utilidade. O proxecto tamén contén unha canle de YouTube e un perfil de [Instagram](#) para divulgar.

4. Participación en feiras para a divulgación do proxecto

Realizamos **saídas a feiras científicas** onde o alumnado explica o proxecto á cidadanía como por exemplo: ciencia na rúa, proxecto imaxina –**premio Imaxina á conciencia social**– (Domus), OpenScience Cambre ou Cullerciencia. Así, o alumnado transmitiulle a poboación a información recollida, a ilusión e o orgullo por pertencer ao seu barrio e a súa cidade e a importancia do coidado da mesma, comezando polas fontes pero cunha mirada a todo o patrimonio. Aínda, mediante un buzón, permitiron que a veciñanza participase do proxecto e poidese aportar información: novas fontes, cambios na toponimia, queixas polo estado dalgunha fonte, etc.



Ilustración 5. Visita á feira Imaxina do concello da Coruña, premiada na categoría conciencia social

5. Creación de pezas audiovisuais artísticas


Aínda, o alumnado despois das saídas culturais que tiveron e aproveitando a formación recibida ao longo deste proxecto, **crea pezas audiovisuais artísticas** que representen o proxecto, unificando as fontes, a auga e a nosa cultura e patrimonio, e **pezas divulgativas con moita diversión** que poden verse na canle de [YouTube](#).

6. Colaboración con outros centros educativos

Con todo, o proxecto nace ca intención de estenderse polo país, creando unha rede de contactos que nos permita localizar as fontes das que bebe a nosa cultura. Para iso comezamos este ano, **colaborando co instituto Agra de Orzán**, á beira do noso, nacente esta colaboración da preocupación pola Arqueta dos Frades próxima a ámbolos dous centros. A colaboración, co profesor de historia Rubén Melide, permitiu a **catalogación doutras fontes** das que non tiñamos coñecemento e que permitiu que o noso repositorio medrase. De cara aos vindeiros cursos a intención de Amor de auga lixeira será que se sumen os centros educativos dos diferentes concellos da Galiza, e **que non quede fonte por rexistrar**.

CRONOGRAMA

En Amor de auga lixeira participan perto de **130 estudantes**, cen de terceiro da ESO e uns trinta de 4º da ESO, colaboran até **sete departamentos** distintos e por iso a **organización** é fundamental para que saia adiante, durante o presente curso a distribución temporal que se levou a cabo foi a seguinte e na que se reflexa a actuación de cada departamento:



RESULTADOS:

*“Aire, que veño do río,
aire, que do río veño”*

*Cantiga popular documentada en Malpica,
interpretada pola cantareira Teresa dos Cucos*

Após todo este esforzo, os cántaros rebosaron de coñecemento e experiencias, tendo en conta o carácter holístico deste proxecto.

1. Luvas, bata e... ao laboratorio!

O alumnado levou a cabo a **recolla de mostras** seguindo un **protocolo establecido** cunha posta en común polo alumnado participante e o profesorado. Así, e en varias saídas, o alumnado e profesorado participante procedeu coa recolla de mostras das diferentes fontes rexistradas por toda a cidade da Coruña.




Ilustración 6. Recolla e medición de temperatura das fontes de Montes (Os Castros), S. M^a de Oza e do Picho (Eirís)

Durante a recolla é fundamental caracterizarmos fisicamente a mostra no momento da acción, polo tanto o alumnado que recolle as mostras foi encargado de realizar unha **análise organoléptica e visual**, así como proceder á **medición da temperatura**.

Mostra	Auga da billa	Fonte de Montes	Fonte de SM de Oza	Fonte do Picho de Eirís
Características iniciais				
Olor	A cloro	NON	NON	NON
Temperatura (°C)	20	17	15	15
Materia en suspensión	NON	SI	NON	NON
Turbidez	NON	NON	NON	NON

Xa coas mostras no laboratorio, **comeza o traballo analítico**, mediante **técnicas colorimétricas** con reactivos específicos, podemos comezar a análise de diferentes parámetros:

- Concentración de carbonatos
- Concentración de amonio
- Concentración de nitratos e nitritos
- Concentración de fosfatos
- pH

Ademais, o alumnado realiza unha investigación sobre os efectos destes contaminantes na auga e cales son os parámetros permitidos segundo a unión europea (Directiva UE 2020/2184), propiciando así o **achegamento do alumnado ao mundo lexislativo**. Fomentando a **autonomía do alumnado**, e divididos en pequenos grupos, seguen de **forma autónoma** unhas pautas de análise: dividen a mostra para cada grupo e analizan a presenza de diferentes substancias mediante un protocolo que se basea na **colorimetría**.



Ilustración 7. Mostras á esquerda e análise colorimétrica á dereita

Previamente, e para adquirir estas destrezas, **fixéronse ensaios** con auga destilada e **auga da billa** do instituto, de xeito que **puidemos comparar** os resultados das fontes con estas dúas. Aínda, o **alumnado** puido practicar para que cando chegasen as mostras reais realizasen os experimentos necesarios de xeito **organizado, eficiente e autónomo**. Os resultados foron graficados polo alumnado para facilitar a comprensión, a comparación e a interpretación dun xeito máis visual, **fomentando o emprego de progamas de cálculo** (Excel) e adquirindo destrezas importantes de cara o seu futuro.


Como **proxecto que mira a longo prazo** e sabendo que unhas análises así non nos reportan toda a información precisa, abrimos unha liña de **colaboración coa Universidade da Coruña** (UDC) na Facultade de Química e na que se levarán a cabo novas **análises** por parte do alumnado, dentro dun **entorno profesional e académico**. Deste xeito, brindamos unha nova oportunidade para a rapazada desde a que poderán ampliar e afinar os resultados obtidos alén de facer outros novos como, por exemplo, **ensaos microbiolóxicos á chama**.

2. É noso, é de todas!

Sen dúbida o aprendizaxe do alumnado cun proxecto destas características é moi amplo e integral. Cabe mencionar as seguintes melloras a nivel grupal:

- Progreso notorio no **traballo en equipo e da súa autonomía**, fornecendo a súa autoestima.
- **Inclusión do alumnado** e creación dun orgullo e un sentir común.
- Comunicación escrita e oral máis fluida.
- Tratamento de datos: consulta, escrutinio, organización, representación, tratamento, comprensión etc.
- Mellora do traballo e da **inclusión do alumnado NEE e NEAE**, traballando neste proxecto alumnado con: dificultades de mobilidade, TEA, TDAH e outras. O proxecto favorece a autoestima deste alumnado e uns bos resultados nas materias implicadas.

Mostra	Auga da billa	Fonte de Montes	Fonte de SM de Oza	Fonte do Picho de Eirís
Características Iniciais				
Olor	A cloro	NON	NON	NON
Temperatura (°C)	20	17	15	15
Materia en suspensión	NON	SI	NON	NON
Turbidez	NON	NON	NON	NON



3. Cámara e acción!

Após recibiren formación profesional en obradoiros con expertos no mundo do audiovisual: Alberto Pombo, Alberto Castaño, Tomás Ageitos e Nuno Pico (Grande Amore) e a vinculación que o alumnado ten co proxecto educativo de éxito, Aquí Tamén se Fala.

O alumnado, durante este proxecto puido manexar con fluidez e autonomía o mundo do audiovisual, sendo capaz de crear pezas como as que se poden ver na páxina web. A cámara foi o seu maior aliado no desenvolvemento deste traballo, onde ía o alumnado ían cámaras e micrófonos.

De xeito autónomo **o alumnado é capaz de gravar pezas e crear contido divulgativo** de gran calidade para as redes.

AVALIACIÓN:

*“Fui à fonte beber água
encontrei un ramo verde,
quem o perdeu tinha amores
quem o achou tinha sede”*

Cantiga popular
interpretada por António Zambujo

O impacto deste proxecto dentro do centro educativo foi moi notorio e a implicación do alumnado e do equipo docente moi significativa. A vida deste proxecto parece non ter horizonte.

A avaliación realizouse por diferentes métodos:

- **Avaliación inicial** que permite comezar o proxecto en función dos coñecementos previos do alumnado, realizando isto en varias materias: calidade da auga, abastecemento local da cidade (co visionado do documental Esquece Monelos), relación coa súa contorna. En función dos resultados acadados deseñouse unha estratexia para conducir o proxecto tanto a nivel organizativo como formativo. O alumnado tivo a oportunidade de compartir as súas inquedanzas o que estimulou o crecemento do proxecto. A súa curiosidade é o noso motor.
- Ao longo de todo o proceso levouse a cabo unha **avaliación formativa** que permitía axustar as actividades programadas e prestarlle ao alumnado a axuda necesaria nas diferentes actividades, en función dos seus coñecementos e das súas destrezas e asignar as tarefas ao alumnado por afinidades e habilidades. Así, houbo alumnos adicados a bibliografía, outros adicados ao audiovisual, entrevistas a pé de rúa...
- Xa finalizando, por este curso, tivo lugar a **avaliación sumativa** onde se valoraron os produtos finais: os vídeos, as análises, as exposicións orais, os textos escritos, o repositorio, a web, etc. Que nos serven non só para mellorar de cara aos vindeiros cursos e ver onde se atopan as eivas do

alumnado se non tamén as do profesorado e as do propio proxecto. A mellora continua é unha das claves para Amor de auga lixeira.

Os **instrumentos de avaliación** empregados van dende rúbricas, diarios de aula, observación directa até o feedback dos axentes externos como o xurado das feiras ás que presentamos o proxecto, as testemuñas que colaboraron e mesmo os expertos que nos cederon o seu coñecemento.

Este proxecto, nace aquí no curso 2024-2025 con moita forza para cambio e de concienciación. Neste primeiro ano puido observarse un **aumento do interese** do alumnado **pola ciencia** e polo coidado e posta en **valor da súa contorna** próxima. Mellorando competencias clave como: a científica, a social e cívica, aprender a aprender, competencia cidadá e mesmo a dixital e a comunicación lingüística.

Un proxecto que polo seu **carácter interdisciplinar** é capaz de mellorar dunha **forma integral** as habilidades do noso alumnado, e ademais traballando os Obxectivos de desenvolvemento sostible (concretamente o ODS 6, o ODS 11 e o ODS 12).

A organización dun proxecto así é unha tarefa complicada e puidemos detectar na avaliación do propio proxecto varias necesidades de cara ao vindeiro curso: **necesidade de formación** en diferentes areas como a audiovisual, recursos web e unha **limitación de recursos** á hora de realizar as análises e as producións audiovisuais.

Amor de auga lixeira, que se enmarca nun centro caracterizado pola súa diversidade, serve de **axente integrador** onde o alumnado se une polo coidado da contorna, creando unha rede de traballo sólida.

Este proxecto rompe cos muros do centro e **colabora con entidades** como EMALCSA ou a UDC, achegando os seus resultados a Feira Imaxina programada polo concello na DOMUS e acadou o **premio á conciencia social**, levando o alumnado a presentar o proxecto en **Bilbao**. Alí, poderemos amosar o noso centro como o que é, un axente transformador comprometido coa súa contorna e cultura.

Agora hai que mirar ao futuro. Amor de auga lixeira faise máis forte cada día que pasa. Como di o noso alumnado: a calidade da auga é un asunto serio. Así, o seguinte paso é **trasladar este modelo a outros centros educativos** e tecer unha rede que teña un impacto nacional.

Os centros educativos de Galiza, buscando e analizando fontes na súa contorna. **Creando un mapa do país** onde atopar para encher as nosas botellas non só de auga se non de ilusión e forza, de ganas de aprender e de alegría.

O alumnado do Dieste, con **amor pola cultura**.

Certificación da autorización do uso das imaxes dos menores

Todo o alumnado que realiza actividades ao abeiro do proxecto: Amor De Auga Lixeira ten unha autorización coma a seguinte:

CLÁUSULA DE CONSENTEMENTO INFORMADO PARA O TRATAMENTO DOS DATOS DO ALUMNADO PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE **AMOR DE AUGA LIXEIRA**

En cumprimento da normativa vixente, estatal e comunitaria en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, o IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE, con CIF 6555708D e domiciliado en A Coruña, ronda de Outeiro 334, pide o consentimento dos pais ou titores legais dos menores participantes na actividade de dinamización lingüística AMOR DE AUGA LIXEIRA para poder publicar as imaxes nas que aparezan individualmente ou en grupo os menores, nas diferentes secuencias e actividades realizadas.

A autorización que aquí se concede terá un uso de carácter sociocultural e non está sometida a ningún prazo temporal nin estará restrinxida ao eido nacional de ningún país.

Así, Don/Dona _____, con
DNI/NIE _____ como nai/pai ou titor de
_____ autorizo expresamente
ao IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE ao tratamento dos datos persoais do
menor ao meu cargo para a xestión da súa participación na actividade AMOR DE
AUGA LIXEIRA así como a captación e uso de imaxes captadas nas actividades
organizadas e que poderán ser publicadas en redes sociais e outros medios de
comunicación.

En _____, a _____ de 2024

ASINADO:

DNI:

AMOR DE AUGA LIXEIRA © 2024 by MÓNICA REIXÍA BLANCO is licensed under [CC BY-NC-](#)

[SA 4.0](#)